

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 20 de maio de 2014, adoptou o seguinte acordo:

PUNTO 2.º- COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

1. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

1.1. Réxime e goberno interior

1.1.1. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior

Implantación dun sistema de xestión de seguridade da información

Logo de examinada a proposta da Oficialía Maior e do Servizo de Tecnoloxías da información referida á implantación dun sistema de xestión de seguridade da información.

A Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1.º) Aprobar o sistema de xestión de seguridade da información do Parlamento de Galicia que se insire a continuación.


2.º) Comunicarlles este acordo á Oficialía Maior, á Dirección de Recursos Humanos e Réxime Interior e ao Servizo de Tecnoloxías da Información.

3.º) Ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 20 de maio de 2014, polo que se implanta un sistema de xestión de seguridade da información do Parlamento de Galicia

1 A Mesa do Parlamento de Galicia comprométese a protexer a confidencialidade, a integridade, a autenticidade, a trazabilidade e a dispoñibilidade da información utilizada na organización, así como as súas canles de transmisión e/ou comunicación, para ofrecer ao cidadán un servizo de administración electrónica de confianza, potenciando o uso das novas tecnoloxías no Parlamento de Galicia e na cidadanía. Para iso implantarase un sistema de xestión de seguridade da Oficialía Maior

Dirección de Recursos Humanos e Réxime Interior
Servizo de Tecnoloxías da Información



información e estableceranse as responsabilidades sobre o acceso e utilización da información. Esta política enmárcase na seguinte lexislación aplicable:

-Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da administración electrónica (BOE do 29 de xaneiro de 2010).

-Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

-Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

-Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.


-Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

2. A Mesa do Parlamento de Galicia, como soporte dos principios de seguridade da información establecidos segundo o Esquema Nacional de Seguridade, ofrece os seguintes obxectivos de partida:

- a) Fomentar a relación electrónica do cidadán co Parlamento de Galicia.
- b) Reducir tempos de espera de atención ao cidadán.
- c) Acurtar tempos de espera na resolución de trámites solicitados polo cidadán.
- d) Mellorar o uso interno dos sistemas de información do Parlamento de Galicia.
- e) Desenvolver un sistema de xestión de información documental que facilite un rápido acceso do persoal do Parlamento de Galicia á información solicitada polo cidadán, garantindo a seguridade da información en canto á súa integridade, confidencialidade, autenticidade, trazabilidade e dispoñibilidade.
- f) Cumprir cos requisitos esixidos pola normativa nacional de protección de datos de carácter persoal e de impulso das administracións públicas.
- g) Manter, operar e evolucionar un sistema de xestión da seguridade.

Esta política establécese sobre todos os sistemas de información do Parlamento de Galicia que proporcionan servizos de administración electrónica e aplícase a calquera persoa que faga uso ou xestione estes sistemas.

Oficialía Maior
Dirección de Recursos Humanos e Réxime Interior
Servizo de Tecnoloxías da Información



3. A Mesa do Parlamento de Galicia é consciente da importancia da xestión dos riscos de seguridade da información e para iso proporcionará os medios e recursos necesarios para a súa xestión e tratamento.

A xestión da seguridade no Parlamento de Galicia require, ademais da implicación activa de todos os usuarios dos sistemas de información, a existencia dun marco organizativo que permita establecer as directrices de xestión.

Para iso, creárase o Comité Coordinador de Seguridade TIC, máximo responsable de seguridade da información e servizos. Este comité terá a seguinte composición:

- O responsable da información de administración electrónica (letrado oficial maior).
- O responsable do Servizo de Tecnoloxías da Información.
- Os responsables dos servizos electrónicos.
- O responsable de Recursos Humanos.
- O responsable de seguridade da información.

O secretario do Comité de Seguridade TIC será o responsable do Servizo de Tecnoloxías da Información, que se encargará de convocar as reunións do Comité e levantar acta delas.


4. O Comité de Seguridade TIC informará á Mesa do Parlamento de Galicia e terá as seguintes funcións

- a) Coordinar e aprobar as accións en materia de seguridade da información.
- b) Impulsar a cultura en seguridade da información.
- c) Participar na categorización dos sistemas e na análise de riscos.
- d) Revisar a documentación relacionada coa seguridade da información.
- e) Resolver discrepancias e problemas que poidan xurdir na xestión da seguridade.

5. As responsabilidades do responsable de seguridade da información son:

- a) Manter o nivel adecuado de seguridade da información manexada e dos servizos prestados polos sistemas.
- b) Realizar ou promover as auditorías periódicas necesarias para verificar o cumprimento dos requisitos do mesmo.
- c) Xestionar a formación e concienciación en materia de seguridade TIC.
- d) Comprobar a eficacia das medidas de seguridade existentes monitorizando o estado de seguridade dos sistemas.

Oficialía Maior
Dirección de Recursos Humanos e Réxime Interior
Servizo de Tecnoloxías da Información



- e) Revisar, completar e aprobar toda a documentación relacionada coa seguridade dos sistemas.
- f) Apoiar e supervisar a investigación dos incidentes de seguridade desde a súa notificación ata a súa resolución, emitindo informes periódicos sobre os máis relevantes ao Comité.

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2014

Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado Oficial Maior

Asinado dixitalmente por:

**Xosé Antón Sarmiento Méndez, Letrado Oficial Maior na data 21/05/2014
13:27:59**

Oficialía Maior
Dirección de Recursos Humanos e Réxime Interior
Servizo de Tecnoloxías da Información